

Eduardo Estévez publica en Edicións Positivas o seu poemario 'Construcións' que fala das relacións humanas e das soidades

Aire en circulación



LUPE GÓMEZ

As cousas pequenas da vida serían levadas polo vento se non fose porque o poeta Eduardo Estévez salva eses detalles miúdos e os converte en poesía bonita, doce e tranquila. Publícase agora o seu libro *Construcións* e el concibe a súa creación como "aire en circulación".

Sempre estamos falando de amor, como un encontro de soidades que pode ter lugar nunha cafetería, nun autobús, nun programa da radio, nunha pizzería, nun cuarto, nun sofá ou nun correo electrónico.

Eduardo Estévez ten moito afán de crear diálogo, tentar que a xente asista á construción das palabras, como eses vellos que se xuntan onde hai obras para ver como xorden e se constrúen casas e edificios onde antes non había nada. "Merquei cer menos desolada a orde da casa. Morreron aos tres días de virus ou tristura. Non tiñan afnda nome", di o primeiro poema.

O título do teu libro suxire un mundo creativo, un estado produtivo.

As construcións son o resultado dun proceso. No caso deste libro, comecei ese proceso na rede co blog en construción e este é o resultado. Pero é só un dos resultados posibles e, en todo caso, hai que miralo como un paso intermedio. Cada lector collerá o texto e rematará a súa propia construción. Por outro lado, os poemas falan tamén de construcións, porque falan das relacións humanas, dos fíos que se tecen entre a xente e dos fíos que se rompen tamén. É un poemario sobre soidades. Soidades procuradas, soidades construídas e tamén, por que non, soidades compartidas.

Como che afectou a polémica que rodeou este libro, co que gañaches o Gonzalez Garcés, e despois negóuseche ese premio?

Tentei, e tento, que a polémica non me afecte persoalmente nin moito menos afecte a miña poesía. A min o que si me afectou foi gañar o premio porque me deu moitísima forza para retomar a escrita que estaba detida dende que rematara co libro. O resultado do premio foi un pouco triste, moi pouco poético. Non é así como me gustaría que se fixesen as cousas na poesía, máis alá de que desta fose eu o prexudicado. Pero o final da historia é moi bonito. O libro atopou un editor



VIKY GARCÍA

Eduardo Estévez cre que "todo pode construírse na literatura"

fantástico que está a poñer moita enerxía na difusión do libro. Eu xa teño un libro na colección González Garcés, son libros esteticamente moi bonitos pero non se distribúen nin se promocionan nada ben. Nese sentido, 'Construcións' gañou moito. Non porque pense que a polémica vai facer que o libro sexa un éxito. O libro será un éxito ou un fracaso en función da súa calidade, de como chegue á xente.

O amor ten algunha relación cos autobuses e coas cafeterías?

Os autobuses e as cafeterías son espazos de soidade. Pero eu non miro esa soidade como un mal. Os autobuses e as cafeterías son sitios para

"OS AUTOBUSES E AS CAFETARÍAS SON ESPAZOS DE SOIDADE"

a ollada e para o oído. Son espazos de soidade porque neles estamos moi intimamente con nós mesmos no mundo, pero tamén poden ser espazos de encontro, aínda que só sexa un encontro coas propias pantasma.

E o amor é o pote onde se cocen todos os ingredientes do ser humano: a necesidade de acubillo, o diálogo, a relación co outro, a mesma soidade, os acordos e os desacordos, a xeración de novas vidas... Ao final, falemos do que falemos sempre imos falar do amor.

Como era aquel Bos Aires que ti viviches? Gustábanche os tangos? Que importancia ten o ritmo nos poemas?

Eu vivín moitas cidades diferentes. Bos Aires é unha cidade tan grande que un só pode vivir o seu pequeno espazo. A música foi sempre moi importante para min. escoitaba tangos e escoitoos igual que escoito rock e jazz e música contemporánea e música electrónica e indie e folk, sobre todo latinoamericano. Non sei ir no coche sen música e a miña maior débeda comigo mesmo é escribir cancións. Mentres tanto, dedico moitísimo tempo ao ritmo dos meus poemas. Eu escribo en verso libre e, ao tempo, penso que non hai poesía se non se lle presta moitísima atención ao ritmo do verso.

Como empezaches a escribir en galego?

Eu cheguei aquí, empecei a falar galego, en pouco tempo empecei a pensar en galego. Logo, dun xeito digamos "natural", os poemas empezaron a virme á cabeza en galego e deixei fluír. Nos obradoiros observo decote un fenómeno que me chama moito a atención: xente que fala en castelán pero escribe os seus poemas en galego. Existe a tendencia a pensar que a xente fai iso porque o galego é unha lingua na que a poesía se expresa con máis facilidade, pero o galego é a lingua que nos define como pobo, que define as cousas máis íntimas que somos como sociedade e por

iso a xente tende a escribir a poesía en galego.

Coordinas obradoiros literarios en bibliotecas públicas. Cal é a resposta, ou as diferentes respostas da xente ao feito literario? Achéganse con curiosidade, con prexuízos, con ganas de aprender?

As tres cousas. Curiosidade porque o obradoiro literario é un espazo que non lles resulta natural non saben onde se meten. Prexuízos, miles. Sobre todo porque o ensino adoita achegar a literatura á xente dun xeito moi acartado e, sobre todo, sesgado e limitado. A xente, mesmo a que escribe poesía para gardar nun caixón, pensa que o que fai non é literatura porque a literatura é unha cousa distante, mística, inatinxíbel. E, en xeral, hai que desmontar todas esas estruturas para que as ganas de aprender poidan operar sobre un suxeito algo máis permeábel. Os obradoiros son sitios onde unha persoa pode descubrir unhas cantas ferramentas para facerse como escritor pero, sobre todo, é un espazo onde se fan mellores lectores, aprenden a achegarse á literatura con menos medo, con menos respecto, con máis liberdade.

Tes varios blogs en internet?

'En construción' naceu como un espazo para o proceso de escrita do libro e agora cumpre dúas funcións: é un escaparate para a súa promoción ao tempo que pretendo que sexa un espazo onde a xente poida debater libremente sobre os poemas que estou publicando na columna "esca e pedra" de culturgalega.org ou sobre futuras cousas que vaia facendo. Teño tamén aberta outra fiestra, "mirar para este lado", onde me permito ir deixando pouco a pouco reflexións un pouco máis extensas sobre o feito literario.

Pódese construír o vento?

Todo pode construírse na literatura, é o que ten de marabilloso. A min en particular gústame moito o vento porque trae e leva as cousas. Non sei se algunha vez escribín sobre o vento pero pretendo que toda a miña poesía estea chea de aire en circulación. E a néboa é fundamental. Estou traballando agora nunha edición artesanal do meu libro *Os veos da paisaxe*. Alí a néboa é un elemento central e o traballo visual que estou facendo cos textos constrúese integramente arredor dela. A néboa transforma o evidente en suxestións, en construtos imaxinarios, é como a simulación da poesía: esborranha a realidade e permítenos reconstruíla cos nosos propios ollos. ●